



Follas Novas . Versos en gallego / por Rosalía Castro de Murguía. Precedidos de un prólogo de Emilio Castelar.

La Habana : La propaganda literaria. Madrid : La Ilustración Gallega y Asturiana, 1880

Primeira edición da obra, publicada na Habana, e que recolle o que Rosalía pretendía fose a continuación de Cantares Gallegos. É unha obra madura, profunda e lírica, con elementos de denuncia social, escrita sobre todo durante a estancia da familia en Simancas. A obra aparece como coedición publicada en 1880 pola Ilustración gallega y asturiana, en Madrid, e La Propaganda Literaria de La Habana. Na cuberta só se menciona a La Propaganda Literaria de La Habana.

Aires d'a miña terra. Colección de poesías gallegas / por M.Curros Enríquez

2ª edición íntegra

Madrid, La Ilustración Gallega y Asturiana, 1881

Curros Enríquez publica a obra “Aires d'a miña terra” en 1880. Pero esa primeira edición foi condenada polo Bispo de Ourense e Curros condenado a dous anos de cárcere. Os libros que quedaban desa primeira edición foron queimados e tamén se destruíron os moldes de imprenta por orde do xulgado. Curros, con todo gaña a apelación no xulgado da Coruña. Esta é a edición que se fixo tras ser Curros absolto.

Queixumes dos pinos y poesías inéditas / de Eduardo Pondal

La Coruña, Academia Gallega, 1935

Esta obra, publicada en 1886 recolle o xa publicado en galego en “Rumores de los pinos” e un conxunto de poemas a maiores. A edición da Real Academia, a segunda, que agora se expón, de 1935, integra tamén o himno galego e algúns inéditos máis.

España, sus monumentos y artes, su naturaleza e historia. Galicia / por Manuel Murguía. Barcelona, Daniel Cortezo, 1888

É un dos escritos máis interesantes de Murguía. É o mellor editado posiblemente, tanto en encadernación, de gran calidade, co escudo de Galicia, como de textos e ilustracións interiores.

Morriña: (Historia amorosa) / Emilia Pardo Bazán

Barcelona : Henrich y CTM en Comandita, 1889 (Imprenta de Henrich y Cia. en Comandita)

Fermoso libro encadernado en tela estampada adscíbese á estética naturalista que Emilia Pardo Bazán cultivou de forma sostida durante toda a súa traxectoria novelística. Emilia Pardo Bazán (1851, A Coruña - 1921, Madrid) é unha das grandes das letras españolas. Aínda que escribiu a súa obra en castelán é precursora e colaboradora de numerosas iniciativas a prol da cultura galega, destacando o seu espírito independente e proto-feminista.



A familia de Pascual Duarte / Camilo Xosé Cela ; traducción de Vicente Risco ; prólogo de Otero Pedrayo ; ilustración de [Xohán Ledo]
Vigo : [Galaxia], 1962 (Faro de Vigo)

Seleccionada por ser unha das obras máis significativas do único Premio Nobel galego. Ademais, nesta edición están implicados dous dos intelectuais galegos máis importantes das últimas décadas, xa que a tradución ao galego é de Vicente Risco e o prólogo de Ramón Otero Pedrayo. Aínda que na portada do libro aparece o nome de Rafael Zabaleta, realmente as ilustracións desta obra pertencen a un dos grandes ilustradores de Galicia dos últimos anos, Xohán Ledo.

SS.AA.RR. Los Serenísimos Duques de Montpensier en Galicia
Santiago, imp.y lit. De D.J. Rey Romero, 1852

Portada con litografía. Tamén contén litografías desagregables no interior que recollen o pasos dos duques por Coruña, Santiago e Padrón. Son das primeiras litografías que se realizan en Galicia.

Pontevedra and La Coruña . Gallegan provinces of Spain / Ruth Matilda Anderson
New York, Hispanic Society of America, 1939

Ruth Matilda Anderson fixo un total de cinco viaxes como fotógrafa a España, financiada pola Hispanic Society of America. Visitou Galicia en 1923 e logo en 1924-25. Á parte das fotografías que comprou, realizou máis de 5.000 instantáneas de Galicia e as súas xentes no primeiro das súas viaxes, e unhas 2.800 no segundo. Este libro, publicado en 1939 recolle as imaxes e relato da viaxe por Pontevedra e Coruña.

Lonxe / por Lorenzo Varela. 10 grabados en madeira por Luis Seoane. Limiar por Arturo Cuadrado
Buenos Aires, Botella al Mar, 1954

É curioso pola calidade da edición, cuberta, tipografía e gravados. Está dedicado con notas manuscritas polos tres autores a "Adolfo Pastor". Hai tamén máis cousas de Seoane. Algunhas con retrato-dedicatoria do autor.